PLAYTIME

Dirección Jacques Tati **Guión** Jacques Tati, Jacques Lagrange **Ano** 1967 **Duración** 124 min. **Idioma** Francés **Fotografía** Jean Badal, Andréas Winding **Montaxe** Gérard Pollicand **Vestiario** Jacques Cottin **Música** Francis Lemarque **Produción** Bernard Maurice **Reparto** Jacques Tati, Barbara Dennek, Jacqueline Lecomte, Valérie Camille, France Rumilly, Rita Maiden, Erika Dentzler, Nicole Ray, Billy Kearns, Georges Faye, John Abbey **Distribución** A Contracorriente Films

Sinopse En *Playtime* asistimos ás cómicas vivencias dun grupo de turistas neoiorquinas que visitan París durante 24 horas. Por medio de distintos gags, Tati porá ao descuberto os obstáculos urbanísticos e sociolóxicos dunha época dominada pola estética e as absurdas regras sociais, que lles negan ás persoas un modo de vida máis humano e cómodo. As turistas atoparán un París tecnificado de aceiro e vidro, onde apenas un fato de persoas —entre as que se atopa *monsieur* Hulot— recordan o sabor da vella cidade. Unhas grandes oficinas, o aeroporto de Orly e un restaurante acabado de inaugurar son motivo e escenario dos gags que o mundo moderno nos serve en bandexa.

///

PARA REMATAR A TEMPADA, O **MÉRCORES 26** ÁS **19:00 h**, EN COLABORACIÓN CO CGAI-FILMOTECA DE GALICIA, PROXECTAREMOS A MONUMENTAL ***AN ELEPHANT SITTING STILL*** (HU BO, CHINA, 2018, 234'), PREMIO FIPRESCI E MENCIÓN ESPECIAL Á MELLOR ÓPERA PRIMA EN BERLÍN 2018, E PREMIO DO PÚBLICO NOS FESTIVAIS D'A FILM FESTIVAL DE BARCELONA, HONG KONG INTERNATIONAL FILM FESTIVAL, SYDNEY FILM FESTIVAL, MELBOURNE OU NEW HORIZON, ENTRE OUTROS MOITOS GALARDÓNS.

www.facebook.com/cineclubepontevedra • cineclubepontevedra.blogspot.com.es twitter.com/CineclubePo • instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

FS#102
18.6.2019

PLAYTIME

JACQUES TATI

CINECLUBE PONTEVEDRA

ELOXIO DE TATI

Probablemente Jacques Tati sexa o cineasta cómico máis importante da historia do cinema sonoro. Os seus filmes permiten tanto rir coma reflexionar ante os peculiares conflitos co mundo moderno do seu inesquecible mesieur *Hulot. En 1979, Serge Daney (París 1944-1992), figura de referencia para a crítica de cinema, publicou en* Cahiers du cinéma *este texto maxistral, que anos despois recolleu Gallimard no volume* La Rampe.

[...]

Dende o porteiro de *Playtime* que, roto o vidro, *devén* el porta por enteiro, até a criada aterrorizada pola idea de pasar baixo o raio electrónico que abre a porta do garaxe, onde os seus xefes se deixaron pechar idiotamente (*Mon oncle*), o corpo humano ten sempre a posibilidade (ameazante ou cómica) de devir á súa vez un límite, un limiar (e xa non máis, coma ocorría no *burlesque*, unha profundidade escatolóxica). Arte moderna, se algunha vez a houbo.

4. Tati non condena o mundo moderno (chapuza e desbaratamento) demostrando que o antigo mundo (economía e calor humana) é mellor. Excepto *Mon oncle*, na súa obra non hai ningún eloxio do antigo. Poderíase mesmo dicir, sen caer demasiado no paradoxo, que só se interesa por unha cousa: por como se moderniza o mundo. E, se hai unha lóxica nos seus filmes, dende os sendeiros campestres de *Jour de fête* até as autoestradas de *Trafic*, sería a que continúa conducindo irreversiblemente a humanidade dende o campo até as cidades. De acordo nisto coas descricións recentes (esquizoanalíticas) do capitalismo, Tati mostra, máis ben, que este devir medio do corpo humano funciona moi ben na medida en que non funciona. Non hai catástrofes burlescas en Tati (como podemos velas aínda nos americanos: *The Party*, de Blake Edwards, por exemplo) senón máis ben, unha fatalidade do éxito que evoca a Keaton. Todo o que se emprende, se prevé, se programa, funciona e o cómico radica xustamente no feito de que *funcione*. Cando vemos *Playtime*, temos tendencia a esquecer que todas as accións que alí se emprenden vense coroadas por un éxito razoable: Hulot remata por atopar o home do esparadrapo no nariz co que quedara, repara a lámpada, reconcíliase co fabricante de portas silenciosas, consegue mesmo facerlle chegar *in extremis* á moza americana un agasallo non obstante absurdo. Do mesmo xeito, a apertura do Royal Garden é un éxito: a gran maioría dos clientes baila, cea e paga. Nada fracasa verdadeiramente en *Playtime*, aínda que é certo que nada funciona ben.

5. O cinema acostumounos de tal xeito a rirnos do fracaso, a gozar da burla, que rematamos por crer tamén que cando vemos *Playtime* rimos contra algo, aínda que non sexa para nada así. Pois en Tati non hai caída. Os gags están sempre amputados da súa caída, do intre en que estala a risa. Ou ben ocorre o contrario: hai unha caída mais non vimos como se construía o gag. Non se trata dunha forma astuta e elegante de facernos rir xogando coa elipse, trátase de algo máis profundo: estamos nun mundo que canto menos funciona, máis funciona, *polo tanto nun mundo en que unha caída non tería xa o efecto desmitificador e de sacudida que ten alí onde aínda é concebible o fracaso*. Igualmente ocorre co outro sentido da palabra «caída». Estamos tratando con corpos que non se volven cómicos polo feito de que poidan caer. É o lado non humanista do cinema de Tati. Na comedia, dende sempre, o «humano» é rir de quen cae. A risa non é o propio do ser humano (espectador) a non ser que a caída sexa o propio do corpo humano (ofrecido no espectáculo). Chaplin é o arquetipo daquel que cae, daquel que se ergue e fai caer, o rei da cambadela. En Tati case nunca hai caídas, porque xa non hai nada «propio do ser humano». Un dos intres máis fermosos de *Playtime* é para min aquel en que unha clienta do Royal Garden, crendo que un camareiro lle achega unha cadeira, fai o xesto de sentar sen se xirar (é unha snob) e escorrega ao ralentí. Un gag moi divertido, unha «caída» moi bela mais, de que rimos exactamente? E de que rimos en *Parade*, durante o número en que se lles pide aos espectadores que traten de montar unha mula intratable? Ou naquel en que os pallasos non paran de caer uns sobre os outros cambaleando nun poldro de ximnasia? Aquí, caer non é senón un movemento do corpo entre outros. Cineasta non humanista, Tati está loxicamente cativado pola especie humana, por ese animal do que Giradoux dicía, máis ou menos, que se mantiña en pé «para pillar menos chuvia e engancharse máis medallas no peito». O que para el é fonte de comicidade é que iso se manteña en pé e que funcione, que iso poida funcionar. Sorpresa infinda, espectáculo inesgotable.

Tati substitúe unha dialéctica do alto e o baixo, do que se erixe e do que se arrastra (tradición carnavalesca, situación que ilustrou Buñuel: dende a cámara á altura dos insectos até Simón do Deserto empolicado na súa columna), por unha comicidade diferente, onde o feito de manterse en pé é o divertido e o feito de vacilar (o xeito de caminar de Hulot) é o humano.

Texto traducido ao español por Ana Useros para a revista *Minerva*, recuperado de: www.circulobellasartes.com/revistaminerva/articulo.php?id=690. Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.